

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

ANUNCIO do 22 de novembro de 2016 polo que se somete ao trámite de información pública a separata para información pública do proxecto de construción do itinerario peonil e da reforma de intersección na AC-840, en Curtis (punto quilométrico 20+190 ao 21+910), de clave AC/15/066.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados por este.

Antecedentes:

A Lei 8/2013, de estradas de Galicia, determina no seu artigo 6.2 que os espazos destinados a sendas para peóns ou para a circulación de ciclistas teñan a consideración de elementos funcionais da estrada. Tendo en conta este precepto, a Xunta de Galicia elaborou a Estratexia en materia de mobilidade alternativa de Galicia, entre cuxos obxectivos está o fomento dos sistemas de transporte alternativos aos motorizados, que permitan minimizar as repercusións sobre o ambiente e os seus impactos sociais e económicos.

Os beneficios esperados con esta iniciativa son, entre outros, a mellora da mobilidade, a mellora da calidade do aire, da saúde, da igualdade e do benestar, da economía, do patrimonio e do urbanismo.

O ámbito de actuación do presente proxecto é a estrada AC-840, que se inicia en Betanzos (AC-542), ata o límite provincial en Agolada (N-640), e pertence á rede primaria básica de estradas da Comunidade Autónoma de Galicia.

As actuacións previstas no presente proxecto teñen por obxecto a creación dun itinerario peonil pola marxe dereita da estrada AC-840, entre os p.q. 20+190 e 21+910, a mellora das interseccións existentes coas vías locais e provinciais e a mellora das condicións do firme, incluíndo unha nova capa de rodadura.

A sección máis común ao longo do treito da senda é a formada pola propia senda peonil de ancho variable (mínimo 1,8 m), un separador vexetal de 0,5 m e a cuneta de seguridade de 1,5 m.



Con estas actuacións, ademais dos obxectivos anteriormente sinalados, preténdese tamén mellorar a seguridade viaria do treito considerado, mediante a ordenación e segregación dos tráfico peonís e rodados e a mellora e adaptación das condicións estruturais e de deseño da estrada.

Considerando todo o exposto e o establecido na normativa vixente,

RESOLVO:

Primeiro. De acordo co establecido no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o mencionado proxecto de construción sométese ao trámite de información pública durante un período de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, para que as persoas que o consideren oportuno poidan formular por escrito, ante a Axencia Galega de Infraestruturas, as observacións que crean convenientes relativas á concepción global do trazado deseñado.

Segundo. Que simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, e para os efectos previstos no artigo 56.1 do Regulamento de expropiación forzosa, se someta á información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente, para que os afectados presenten cantas alegacións ou rectificacións consideren convenientes en canto aos bens e dereitos descritos na relación anexa.

Terceiro. A exposición ao público, para os efectos da presente resolución, realízase na Axencia Galega de Infraestruturas (San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela), no Servizo da Delegación Provincial da Coruña (rúa Vicente Ferrer, 2, 15008 A Coruña) e na Casa do Concello de Curtis (praza de España, núm. 1, 15310 Teixeira, A Coruña). Así mesmo, na páxina web da Consellería de Infraestruturas e Vivenda (http://www.civ.xunta.es/tema/c/Infraestruturas_Estradas) está á disposición dos interesados o documento completo da separata do proxecto de construción.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2016

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega de Infraestruturas

CVE-DOG: mtbsw0h0-njq4-cj78-lfn6-6uxnfdjejs2



ANEXO
Relación de bens, dereitos e propietarios afectados

**Separata do proxecto de construción: itinerario peonil e reforma
de intersección na AC-840 en Curtis (p.q. 20+190 ao 21+910)
Clave AC/15/066.06**

Predios con superficies obxecto de expropiación.

Núm. orde	Referencia catastral	Titular	Superficie (m ²)	Ben afectado	Uso do solo	Polígono parcela
1	15032A02700056	Lestón Suárez, José Manuel	7,77		Rural-matogueira	27-56
2	15032A02700055	Bermúdez Tizón, Manuel	23,43		Rural-matogueira	27-55
3	9058306NJ6795N	Saavedra Sánchez, Juan e irmáns	3,93		Urbanizado-residencial	
4	9058309NH6785N	García Blanco, María del Carmen	7,33	Valado de postes e arame	Rural-prados	
5	9058308NH6785N	García Blanco, María Concepción	11,15	Valado de postes e arame	Rural-prados	
6	15032A02500217	Méndez Alonso, Ana e irmáns	230,33		Rural-prados	25-217
7	15032A02500249	Paz Freire, Domingo	6,06		Urbanizado-residencial	25-249
8	15032A0250048	Fandiño Vázquez, Carlos	33,04	Muro de bloque de formigón-cancela metálica	Urbanizado-sen edificar	25-248
9	15032A02500088	Vigo Espiñeira, Antonio	16,68		Rural-labor	25-88
10	9046207NH6784N	Prado Cabado, Josefina Matilde	7,08	Árbore	Urbanizado-sen edificar	
11	9046208NH6784N	Cruces Parco, José Manuel	10,67	Valado de postes e arame	Urbanizado-sen edificar	

Predios con superficies dentro da liña de dominio público da estrada que se van a ocupar.

Núm. orde	Referencia catastral	Titular	Total (ml)	Ben afectado	Polígono parcela
A	15032A02700058	Rico Bravo, Ana María	30,00	Valado vexetal	27-58
B	001501000NH67F	Vázquez García, Emilio	15,70	Valado vexetal	
C	001500200NH67F	Sánchez Casal, Emilio	17,90	Valado vexetal	
D	002400500NH67F	Méndez Alonso, Ana	14,60	Valado de postes e arame	
E	8956502NH6785N	Estrada Sánchez, Emilio	18,00	Muro de bloque de formigón	
F	002400700NH67F	Sanjurjo Barreiro, Jesús	19,85	Valado vexetal	
G	000400200NH67D	Ventureira Seoane, Manuel	12,25-2,50	Muro de bloque de formigón, muro de pedra	

CVE-DOG: mtbsw0h0-njq4-cj78-lfn6-6uxnfdiejzs2



Núm. orde	Referencia catastral	Titular	Total (ml)	Ben afectado	Polígono parcela
H	15032A02500355	En investigación, artigo 47 da Lei 33/2003	2,30	Muro de bloque de formigón	25-355
I	9046203NH6784N	Vigo Fontecoba, José L.	11,55-6,90	Muro de pedra, valado de postes e arame	
J	9046204NH6784N	Vigo Fontecoba, Manuel	1,85-11,10-11,70	Muro de bloque de formigón, valado vexetal, muro de bloque de formigón	
K	9046209NH6794N	Cruces Prado, José Manuel	16,50	Valado de postes e arame	
L	9046210NH6794N	Neira Tojo, M. Rosario	28,00	Valado de postes e arame	

